

RESOLUCIÓN REITORAL DE 20 DE NOVIEMBRE DE 2023 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE MOBILIDADE ENTRE CAMPUS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR CON VINCULACIÓN PERMANENTE Á UNIVERSIDADE DE VIGO PERTENCENTE ÁS ÁREAS DE COÑECEMENTO SELECCIONADAS NA COAP DE 20 DE NOVIEMBRE DE 2023

No Consello de Goberno de 20 de decembro de 2019, aprobouse o acordo de mobilidade entre campus de persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo, onde se establece que con carácter previo á creación dunha nova praza con vinculación permanente nun determinado campus correspondente á reserva do 15%, o persoal docente e investigador con vinculación permanente pertencente a esa área de coñecemento, poderá solicitar o cambio de adscripción de campus ao xerado pola praza a crear.

Na Comisión de Ordenación Académica e Profesorado de 20 de outubro de 2023, acordouse a convocatoria e a creación de 9 prazas de profesorado Titular de Universidade (OEP 2022) reservadas ao 15% do persoal investigador doutor acreditado a Titular de Universidade con certificado I3, segundo as bases aprobadas no Consello do Goberno de 30 de novembro de 2023, nas áreas de coñecemento relacionadas no anexo I.

Por todo isto, **ESTA REITORÍA RESOLVE**,

- 1) Publicar a convocatoria de mobilidade entre campus (segundo o acordo de CG 20/12/19) e abrir un prazo de presentación de solicitudes **desde o 21 ata o 23 de novembro de 2023 (ambos incluídos)**, para o persoal docente e investigador con vinculación permanente á Universidade de Vigo pertencente aos departamentos e áreas de coñecemento que se relacionan no anexo I.

A solicitude presentárase a través da sede electrónica da Universidade de Vigo no seguinte enderezo: <https://sede.uvigo.gal/> mediante unha instancia xenérica SXER, e co asunto "**Convocatoria mobilidade-OEP**", sen prexuízo de que tamén poida presentarse nos lugares indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas, e deberán acompañarse do formulario establecido no anexo II.

Deberase indicar, por orde de prelación, o código da praza que xera a mobilidade. De non se establecer na solicitude o código da praza, será causa de exclusión para participar nesta convocatoria.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

Asinado dixitalmente en Vigo,
O REITOR,
Por delegación RR 31/10/2023 (DOG 10/11/2023)
A vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica

Patricia Valcárcel Fernández



ANEXO I

Relación de códigos e áreas de coñecemento das 4 prazas correspondentes á reserva do 15% para persoal investigador contratado , cuxo contrato finalice no ano 2023, teña a certificación I3 e dispoña da acreditación de profesorado Titular de Universidade

COD. PRAZA	CATEGORÍA	ÁREA	DPTO.	CENTRO	CAMPUS
TU2302-C04-220-TU-TC-01	PTU	ECOLOXÍA (A220)	ECOLOXÍA E BIOLOXÍA ANIMAL (C04)	302	VIGO
TU2302-C03-410-TU-TC-01	PTU	FISIOLOXÍA (A410)	BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE (C03)	302	VIGO
TU2302-C10-280-TU-TC-01	PTU	ESTRATOGRAFÍA (A280)	XEOCIENCIAS MARIÑAS E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (C10)	310	VIGO
TU2302-C11-755-TU-TC-01	PTU	QUÍMICA FÍSICA (A755)	QUÍMICA FÍSICA (C11)	311	VIGO

